

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2021/15	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	13 de maio de 2021
<b>Duración</b>	Dende as 12:10 ata as 12:42 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario</b>	Maria Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
<b>NON ASISTE (Sin excusa)</b>		
76816828W	Mónica González Conde	NO

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión anterior: 29.04.2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 29 de abril de 2021.

#### **Expediente 719/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 23 de abril de 2021 por Dona I.M., de concesión de unha axuda de emerxencia social por importe de 105.00 € para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para a súa filla, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte o pago dunha actividade de apoio á infancia, cuxa participación vai favorecer a integración social da menor na comunidade.

Visto que segundo informa a traballadora social Lucía Rosales Otero, en data 23 de abril de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, adoptouse o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a I.M. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes, para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para a súa filla.

Segundo.- Comunicar é persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

#### **Expediente 721/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 23 de abril de 2021 por Dona I.M., de concesión de unha axuda de emerxencia social por importe de 175.00 € para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para o seu fillo, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte o pago dunha actividade de apoio á infancia, cuxa participación vai favorecer a integración social do menor na comunidade.

Visto que segundo informa a traballadora social Lucía Rosales Otero, en data 23 de abril de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde

na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, adoptouse o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a I.M. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes, para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para o seu fillo.

Segundo.- Comunicar é persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

### **Expediente 821/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 5 de maio de 2021, por Dona S.E.B., de concesión de unha axuda de emerxencia social polo importe de 300€, para o pago de dúas mensualidades de aluguer pertencentes a marzo e abril do presente ano 2021, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte aos gastos derivados de vivenda.

Visto que segundo informa a Traballadora Social Uxía Fernández Batán, en data 5 de maio de , a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, adoptouse o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a S.E.B. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes derivados do custo de vivenda co fin de evitar o desafiuzamento e asegurar por tanto a cobertura das necesidades básicas do menor.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

### **Expediente 2141/2019. Licenzas Urbanísticas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Por OFICINA TECNICA LUCENSE SLP, con CIF B27406487, presentouse escrito o día 28/11/2019, actuando en nome e representación de AIRA, S.C.G con CIF F-27317593, polo

que se solicita licenza urbanística para AMPLIACIÓN DE TIENDA PARA COOPERATIVISTAS AGROPECUARIOS EXISTENTE sita en AS FERREIRAS, ESTRADA DE SIADOR s/n 36540, SILLEDA, PONTEVEDRA de titularidad de la Cooperativa AIRA, S.C.G, (ref. cat. 36052A048003950000KF, 36052A048003960000KM e 36052A048003970000KO).

Aporta proxecto técnico elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos López Fernández, visado o día 21/11/2019 con número 86.

En data 11/12/2019 o arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, emite informe de requirimento. Este requirimento foi remitido ao interesado.

Consta xustificante do abono do ICIO e da taxa municipal por importe de 3.359,96 euros.

Constan oficios de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

Consta no expediente anexo ao proxecto de xullo de 2020. Non consta visado. O anexo contén a memoria urbanística.

Presentan escritura de agrupación das parcelas afectadas pola ampliación.

Constando no expediente informe do técnico municipal Lino M. Doporto Framil, de data 11 de maio, desfavorable á concesión da presente licenza, polos seguintes motivos:

1.- A parcela na que se pretende a ampliación de tenda para cooperativistas clasifícase no plan xeral vixente como solo rústico de protección ordinaria. O uso solicitado non é compatible có establecido nos artigos 35 e 36 da Lei do Solo de Galicia e 50 e 51 do Regulamento da mesma (Decreto 143/2016).

2.- O proxecto xustifica a viabilidade da ampliación baseándose nunha licenza municipal de apertura concedida o día 1 de xullo de 1999, da que se aporta copia (documento "Licenza tenda agraria ano 1999" do expediente) para destinar o local á venda de "leite, cereais e produtos farmacéuticos". En calquera caso, para poder proceder segundo a disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, procede que, polos servizos xurídicos, se informe sobre a suficiencia da copia deste documento aportado de licenza de apertura do ano 1999 para a tramitación do expediente consonte á nomeada disposición transitoria.

Visto que en data 11/05/2021, a Secretaría Municipal emite informe número 39/2021 de 11 de maio, desfavorable á concesión da presente licenza, expoñendo o seguinte:

*"O uso que se está alegando polo interesado é o comercial para tenda agraria. Este uso comercial ven clasificado no Regulamento da Lei do Solo de Galicia como un uso terciario pomenorizado, definíndose como aquel que comprende as actividades destinadas ao subministro de mercadorías ao público mediante a venda ao por menor ou a prestación de servizos a particulares.*

*Deste xeito a venda de produtos agrarios a particulares é un uso terciario.*

*Dentro dos usos regulados nos artigos 35 da LSG e 50 do RLSG non se atopa o uso terciario, pois este uso nunca foi un uso propio do solo rústico, se ben é certo, que coa entrada en vigor da Lei do Solo de Galicia, a través do artigo 40 da LSG, introduciuse o uso terciario neste tipo de solo, pero so naquelas edificacións tradicionais existentes, detallando a propia norma que consideraranse edificacións tradicionais todas as existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, de 02 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana, con independencia da súa tipoloxía.*

*O espírito da Lei de manter en condicións axeitadas as construcións existentes fixo que se flexibilizase o réxime de solo rústico tamén no caso daquelas construcións executadas ao amparo da licenza urbanística, ás que se lles permitirá o mantemento do uso autorizado e incluso o cambio do mesmo a calquera dos previstos no artigo 40, dentro dos que como xa se dixo se atopa o terciario.*

*A construción que se pretende ampliar foi executada segundo din, ao amparo da licenza outorgada en data 01/07/1999, sen embargo revisados os datos obrantes neste Concello, non se atopa ningún acordo de concesión de licenza urbanística, sendo o único que aporta o interesado copia do cartón de licenza de apertura de tenda ao por maior de leite, cereais e produtos farmacéuticos a favor de cooperativa de Sila, no local sito na estrada de Siadro s/n.*

*Aínda que tivésemos por válido o cartón e por ende existente a licenza de apertura da tenda, non serviría esta de título habilitante suficiente para a aplicación da presente Disposición Transitoria 3ª da Lei do Solo de Galicia, que expresamente esixe a concesión de licenza urbanística, non constando a mesma outorgada”.*

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Denegar a licenza urbanística a AIRA, S.C.G con CIF F-27317593 para a execución da AMPLIACIÓN DE TENDA PARA COOPERATIVISTAS AGROPECUARIOS EXISTENTE sita en As Ferreiras, Estrada de Siador s/n 36540, Silleda, Pontevedra de titularidade de la Cooperativa AIRA, S.C.G, (ref. cat. 36052A048003950000KF, 36052A048003960000KM e 36052A048003970000KO), polos motivos expostos nos informes dos técnicos municipais incorporados ao presente acordo nos seus antecedentes.

Segundo. - Proceder a devolución do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

Terceiro. - Notificar ao interesado o presente acordo.

#### **Expediente 839/2021. Proposta de Gasto. FACTURAS MAIO 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime

Local, así como o artigo 185 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley reguladora das Facendas Locais, e demais normativa concordante,

Visto que na sesión se advertiu un erro na relación de facturas con reparo (obxecto de aprobación no seguinte punto), ao incluírse entre elas a factura de Globalia Urbanismo Integral, SL emitida polo subministro de dúas marqueiñas para parada de autobús, cando foi correctamente contratado, non incorrendo en ningunha irregularidade, procédese á incorporación nesta relación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, aprobou os gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Descrición	Nom terceiro	Documento	Importe
COTAS DE COOLER E BOTELLÓNS DE AUGA	ACQUAJET SEMAE, S. L.	1388617	110,11
304270 SILLEDA ALQUILER TERRENO	ADIF	2101023019	1.694,00
SERVIZOS AUDIOVISUAIS TRASDEZA PINTA O CAMIÑO	ADRIÁN JOSÉ REY CASCALLAR	20008	1.948,10
Xestión do proxecto Trasdeza Pinta o Camiño 2/2 ,	AMARELAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	3	3.351,70
IMPRESIÓN MATERIAL DIDÁCTICO SILLEDA PINTA O CAMIÑ	ANA MARÍA GARCÍA GARCÍA	C022/2021	408,08
ASENTO INODORO INFANTIL	ARCOLAR 2000, S.L.	59	94,86
0/04/20 Traslado microbús CEIP Silleda - Casa da X	AUTOCARES LAZARA, S.A.	38	418,00
CONTIDO AUDIOVISUAL DIXITAL PRODUCCIÓN PROPIA. -2	BARAFUNDA, S. L.	253	211,75
CEPILLO LATERAL HAKO CM 300 420MM MEZCLA PLP ACERO	BAYGAR, S.L.	211101293	314,60
MANO DE OBRA	BAYGAR, S.L.	211300173	1.204,71
B) Total Large Black & White (112) 4239 4276 IMAGE	CANON ESPAÑA, S. A. U.	401725447	245,23
B) Total Large Black & White (112) 1134 1165 IR AD	CANON ESPAÑA, S. A. U.	401725359	154,17
Iquiler IR ADV C5550I MODEL XVC13391 *CONCELLO DE	CANON ESPAÑA, S. A. U.	842106450	224,39
Iquiler IMAGERUNNER ADVANCE C3525I MODEL XTV20600	CANON ESPAÑA, S. A. U.	842106449	595,44
EXTINTORES PARA CARBOEIRO	CEXNOR TECNIC, S. L.	FA21/481	104,11
PRODUCTOS DE LIMPEZA	CODROGA, S.L.	10/58071	351,31
PRODUCTOS DE HIXIENE E LIMPEZA	CODROGA, S.L.	10/58059	994,10
GASTOS 1ºTRIMESTRE 2021	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO OLAIA	70550	293,07

TRIMESTRE SEGURO COMUNITARIO	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ZURBARÁN	70551	61,82
ARRANXO DE PECHE NO APARCADOIRO NA RUA MARIA COLME	CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S. L.	3	3.859,90
eReader Kobo Libra H2O para Bibliotec	CONTALOCAL S.L.	1035	517,90
Rato USB Logitech M90 (Alcaldía)	CONTALOCAL S.L.	1036	8,71
AGUA DEPOSITO SIADOR	CORPORACIÓN LABER LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S. L.	L 21000855	850,27
AGUA DEPOSITO SIADOR	CORPORACIÓN LABER LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S. L.	L 21001114	283,87
TRABALLOS DE DESBROCE	CRISTÓBAL PINEL BLÁZQUEZ	2021/2	1.240,25
MATERIAL ELECTRICIDADE	DIGAMEL S.A.	11210634	168,43
PRODUCTOS DEPURADORAS	DROGA CONDE, S. A.	211550	667,32
203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral control ho	ECOCOMPUTER, S. L.	2021/02/46	358,57
SUSCRIPCION A EL CORREO GALLEGO	EDITORIAL COMPOSTELA, S. A.	943435	356,25
LIMPEZA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	ENAR REBECA VIVAS RAMÍREZ	A/115	1.588,13
PREMIO SILLEDA FAI NADAL	EVA FERNÁNDEZ CARRÓN	42	17,90
HA-25/B/20/IIa HORMIGONES PULIDOS	GENERAL DE HORMIGONES S.A.	6	181,50
HA-25/B/20/IIa	GENERAL DE HORMIGONES S.A.	39	30,25
HA-25/B/20/IIa	GENERAL DE HORMIGONES S.A.	56	363,00
SUB. ANIMALES CATEGORIA 2:	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, S. L.	301	82,28
HORAS CAMIÓN CON PLUMA E CESTA	GRUAS SILLEDA S.L.	F/*0034	242,00
PULVERIZADOR SUSPENDIDO MARCA TOMIX	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	851	4.579,85
EQUIPO DISPENSADOR DE AUGA	JESÚS M. MOREIRA FALCÓN	A66	1.780,01
TAPIZADO DE BUTACAS	JORGE CARLOS DE JESÚS MENEZES	17/21	847,00
MATERIAL PUBLICITARIO ENTROIDO	JOSÉ ANTONIO GÓMEZ MOREIRA	202115	532,40
MATERIAL PROGRAMA SILLEDA PINTA O CAMIÑO	JOSÉ ANTONIO GÓMEZ MOREIRA	202123	1.578,08
CHALECO SILLEDA CAMIÑA	JOSÉ ANTONIO GÓMEZ MOREIRA	202126	726,30
LETREIROS PARA FONTES	JOSÉ ANTONIO GÓMEZ MOREIRA	202124	1.309,52
VINILO PARA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS	JOSÉ ANTONIO GÓMEZ MOREIRA	202127	83,49
ALUGUER UTENSILIOS PARA OBRAS	JOSÉ ANTONIO SOTO ROZADOS	1205	43,56
MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	JOSÉ ANTONIO SOTO ROZADOS	1672	117,00

### Concello de Silleda

TRABALLOS EN XARDÍNS	JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	2021-02	968,00
ILLEDA CONCELLO "POLÍGONOS";	LA VOZ DE GALICIA S.A	1557	484,00
LIMPEZA INSTALACIÓNS DEPOERTIVAS	MANUEL ÁNGEL MATO LUACES. LIDESIL	592	694,54
PUBLICIDADE MARZO 2021	MANUEL NÚÑEZ FIUZA	0189-21	363,00
MINUTA PROCURADOR	MARCIAL PUGA GOMEZ	111/2020	161,84
ARENA 0/6 DE ANF	MIBASA. MINAS DE BANDEIRA, S.A.	95	2.322,89
SERVIZO DE ELABORACION DO ESTUDIO PREVIO PARA A ME	MUÑIZ MAS ALFAYA, S. L. P.	21023	3.388,00
MANTEMENTO VEHÍCULOS E MAQUINARIA	NEUMATICOS DEZA, S. L.	CR-163	60,50
REPARACIÓN VEHÍCULO	NEUMATICOS TATO S.L.	897	18,15
EC - REC - Reconocimiento medico realizado a los t	NORPREVENCIÓN, S.L.	24791	819,00
Servicios médicos Obradoiro Silleda temporada 2019	OBRADOIRO CAB	1	544,50
PAPEL A4 NAVIGATOR 80g 500h UNIVERSAL	OFIREYCO, S. L.	711	124,41
PAPEL A4 NAVIGATOR 80g 500h UNIVERSAL	OFIREYCO, S. L.	712	124,93
MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	5,6262E+15	1.244,07
representación do espectáculo de narración oral p	RAQUEL GARCÍA RODRÍGUEZ	2131	330,00
MATERIAL MANTEMENTO	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	B/2.189	38,70
MATERIAL SUMINISTRADO	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	B/2.505	79,50
MANTEMENTO ALARMA GALIÑA AZUL	SEGURIDAD JAPÓN, S. L.	3864	232,32
Carta(l) 0 - 20 gr N ZONA1 EUROPA	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	4003122477	289,23
COA XUROS ABRIL 2021	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	2021/0925	18,21
FUSIBLE CIL. 10x38 6A gG 500V AC C-I	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S- A- U-	F06000R-20403	14,91
TAPA BAJA TRANSPARENTE 270X270X45	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S- A- U-	F06000R-23486	136,20
MATERIAL OBRAS	SUCESORES COUTO, S. L.	A/3251	148,16
HORAS CAMIÓN GRUA	SUCESORES COUTO, S. L.	B/285	353,93
REPARACIÓN DE MAQUINARIA	TALLER OTERO, S. C.	48	594,44
REPARACIÓN MAQUINARIA	TALLER OTERO, S. C.	61	2.845,51
REPARACIÓN DE VEHÍCULOS	TALLERES CARBON, S.L.	20210A0001 17	615,24
REPARACIÓN VEHÍCULOS	TALLERES CARBON, S.L.	20210A0001 65	900,16

### Concello de Silleda



GASÓLEO CENTRO MÉDICO DE BANDEIRA	ULLA OIL S.L.	41 2905	690,00
SUMINISTROS SERVICIOS SOCIAIS	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	4000019	134,65
SUMINISTROS SERVICIOS SOCIAIS	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	4000020	102,90
SUMINISTRO AUGAS	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	4000021	12,80
Amortización de P6 a P1 GuarderíaMantenimiento Gua	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.	FVR2021180 07441	314,32
(LDIGITALA001) LALEYDIGITAL 1 USUARIO	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S. A.	10019233	1.488,78
Servizo de atención ao público no Mosteiro de Carb	XESÚS BORRAGEROS LÓPEZ	44409	1.663,75
Adquisición de marquesiñas	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L	202104043	5.999,18
<b>TOTAL</b>			<b>63.514,01</b>

### Expediente 871/2021. Omisión da Función Interventora

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Descrición	Nom terceiro	Núm. Documento	Importe
Importe por peaje de acceso	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	FACTUR. MARZO	2.747,15
REDACCIÓN DE PROYECTO DE "MEJORA DE VIALES MUNICIPAL"	CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L.	7	10.285,00

**Concello de Silleda**

Mantenimiento informatico, contable y web abril	CONTALOCAL S.L.	1030	815,38
COMBUSTIBLE VEHICULOS MUNICIPAIS	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	2100184	3.248,50
COMBUSTIBLE SERVIZO DE AUGAS	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	2100200	285,01
SACO DE PELLETS DE 15KG PREMIUM	GESTCALOR, S. L.	755	330,33
PELLETS DE MADERA A GRANDEL DE 6MM	GESTCALOR, S. L.	754	931,22
MANTENIMIENTO MENSUAL DE SALAS DE CALDERAS DE BIO	GESTCALOR, S. L.	740	635,25
20832519 cable 200 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000464816	59,29
986581028 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460815	116,16
20554793 plan internet 10GB	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460866	119,26
20345077 línea 10 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460859	288,04
986580000 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460767	856,46
86585470 solución empresa de 01/03/21 a 15/03/21	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460336	56,65
986585838 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460337	61,71
986580064 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460334	68,97
986581701 solución empresa	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460333	94,38
20355572 línea 10 megas	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000460525	103,24
IG0055175660 equipamiento red de calor	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31000456419	242,00
Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 98652844	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	TA6NE0024061	140,60
ovistar - Tipo de contrato: Plan Empresas Móvil -	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-E1M0-043878	48,40
ovistar - Tipo de contrato: Plan Empresas Móvil -	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-E1M0-000329	944,86
Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - Nº de	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-E1M0-112466	25,41
Movistar - Tipo de contrato: Plan Empresas Móvil -	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-E1M0-188547	15,38
Factura emitida polos servicios de recollida e tra	URBASER, S. A.	1000338V2100007	15.748,24

### Concello de Silleda

Factura emitida polos servicios de recollida a do	URBASER, S. A.	1000338V2100008	1.375,00
Factura emitida polos servicios de recollida a do	URBASER, S. A.	1000338V2100009	1.100,00
Factura emitida polos servicios de recollida no PU	URBASER, S. A.	1000338V2100011	1.738,55
FACTURA RESIDUALES MARZO	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	A/24	1.793,83
FACTURA ABASTECIMIENTO DE AUGA MARZO	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	A/23	1.038,18

45.312,45

Visto o informe de intervención nº 27 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo.

Visto que na sesión se advertiu un erro na relación de facturas con reparo, ao incluírse entre elas a factura de Globalia Urbanismo Integral, SL emitida polo subministro de dúas marqueiñas para parada de autobús, cando foi correctamente contratado, non incorrendo en ningunha irregularidade, procédese á súa eliminación desta relación antes de sometela a aprobación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acordou:

Único.- Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE